AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

# PLAN DE FORMACIÓN AFEDAP 2024

# CURSOS DE AUTOFORMACIÓN

As actividades formativas incluídas nesta guía poden sufrir cambios nas súas datas, horarios e lugares de realización.

Recoméndase consultar https://acis.sergas.gal para obter os datos actualizados.

Os cursos de autoformación desempeñan un papel fundamental na oferta formativa, experimentaron un aumento constante na súa demanda nos últimos anos, consolidándose como un elemento clave para o desenvolvemento persoal e profesional dos/as empregados/as do Sergas.

**Características dos cursos de autoformación:**

Os cursos de autoformación, representan unha modalidade de teleformación deseñada para adaptarse ás necesidades e axendas dos/as profesionais. A diferenza de outros cursos, non contan con titores, permitindo aos participantes ter control total sobre o seu aprendizaxe. Algúns das características clave inclúen:

- **Accesibilidade:** dispoñibles todo o ano, calquera día e a calquera hora.
- **Flexibilidade:** o profesional pode inscribirse en calquera momento.
- **Inmediatez:** acceso inmediato ao curso unha vez inscrito.
- **Mérito recoñecido:** ao rematar o curso, actualízase automaticamente o expediente electrónico (FIDES) do participante.

**Evolución do número de alumnos:**

O gráfico adxunto ilustra claramente a tendencia positiva na participación dos cursos de autoformación nos últimos anos. A demanda experimentou un crecemento significativo, respaldando a efectividade e relevancia desta modalidade de aprendizaxe. Este aumento reflicte a satisfacción e a confianza dos/as profesionais do Servizo Galego de Saúde na calidade e utilidade dos cursos ofrecidos.



**Razóns detrás da alta demanda:**

Os cursos de autoformación gañaron popularidade por varias razóns:

- **Autonomía do aprendizaxe:** os profesionais valoran a posibilidade de dirixir o seu propio proceso de aprendizaxe, permitíndolles adaptar o ritmo de estudo ás súas preferencias e necesidades individuais.
- **Dispoñibilidade permanente:** a accesibilidade constante permite aos participantes adaptar a súa formación aos seus horarios laborais e persoais.
- **Recoñecemento do mérito:** a inclusión automática no expediente electrónico non só é unha recompensa ao esforzo do participante, senón tamén un factor motivador adicional para completar satisfactoriamente os cursos.
- **Duración axustada:** a brevidade dos cursos constitúe unha vantaxe atractiva, evitando compromisos extensos e permitindo unha integración máis sinxela nas ocupadas axendas dos/das profesionais.
- **Acceso continuo aos contidos:** ao rematar un curso, os/as participantes manteñen acceso ininterrompido aos seus contidos. Esta vantaxe permite consultas e revisións en calquera momento do ano, o que contribúe á consolidación do aprendizaxe e á resolución inmediata de dúbidas.

**Proxeccións para o futuro:**

Baseándonos na tendencia actual, agardamos que a demanda dos cursos de autoformación continúe crecendo no próximo ano. Para reforzar aínda máis esta oferta, estamos a explorar novas temáticas e implementando melloras tecnolóxicas para optimizar a experiencia de aprendizaxe. Un paso significativo neste avance é que, no ano 2024, os cursos de autoformación serán realizados na nova plataforma de xestión do coñecemento, SHARE.

## 1. XENERALIDADES DAS VACINAS

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal sanitario que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: comprender o valor das vacinas. Explorar as bases inmunolóxicas das vacinas. Entender as vacinas: que son, que conteñen e como funcionan. Analizar a investigación, seguridade (farmacovixilancia) e fabricación de vacinas. Examinar o deseño e tipos de vacinas, incluíndo adxuvantes. Dominar o Acto Vacinal. Desmitificar e resolver dúbidas frecuentes sobre vacinas.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413922 | AUTOFORMACIÓN | Do 2 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 2. VACINACIÓN DAS PERSOAS ADULTAS

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal sanitario que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: comprender la inmunosenescencia. Explorar las vacunas en el adulto sano: Gripe, Neumococo, Difteria, Tétanos y Tosferina, Herpes Zóster, COVID-19.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413923 | AUTOFORMACIÓN | Do 2 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 3. CÓDIGO SEPSE

**Nº de horas**: 6

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** médicas/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, enfermeiras/os e matróns/as que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: adquirir os coñecementos necesarios para o diagnóstico e manexo precoz da sepse e o choque séptico. Diminuír a morbimomortalidade asociada á sepse a través do diagnóstico e tratamento precoz. Entender os criterios diagnósticos da sepse e choque séptico. Coñecer a morbimortalidade asociada á sepse. Describir as campañas dedicadas ao diagnóstico e tratamento precoz da sepse. Comprender os beneficios do tratamento precoz da sepse. Cumprir os paquetes de medidas da campaña sobrevivir á sepse que demostraron reducir a mortalidade. Coñecer as recomendacións da campaña sobrevivir á sepse.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413914 | AUTOFORMACIÓN | Do 2 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 4. MANEXO DO PACIENTE CON ANAFILAXIA

**Nº de horas**: 1

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicos/as, enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas do Servizo Galego de Saúde que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde

**Obxectivos**: recoñecer os síntomas da anafilaxia (reaccións alérxicas graves). Tratar adecuadamente unha anafilaxia. Realizar extracción de triptase para apoiar o diagnóstico clínico de anafilaxia. Prescribir autoinyector de adrenalina ao alta do episodio. Derivar por vía rápida á consulta de alergoloxía para estudo. Coñecer o protocolo do Código Anafilaxia e rexistro en Vixia.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413900 | AUTOFORMACIÓN | Do 2 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 5. PROGRAMA GALEGO PARA A OPTIMIZACIÓN DA TERAPIA NUTRICIONAL ESPECIALIZADA NO PACIENTE CRÍTICO, «DESNUTRICIÓN ZERO»

**Nº de horas**: 3

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Actualizar e mellorar coñecementos para unha adecuada abordaxe da desnutrición no paciente crítico. Describir os principais aspectos do programa galego para a optimización da terapia nutricional especializada no paciente crítico, «Desnutrición Zero». Entender os fundamentos da valoración nutricional e o concepto da síndrome de realimentación. Enumerar os tipos de terapia nutricional e os principios para a súa elección. Coñecer os principios básicos da optimización de terapia e aplicar os seus protocolos. Coñecer os datos para rexistrar para a avaliación do programa.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413913 | AUTOFORMACIÓN | Pendente |

## 6. PROGRAMA GALEGO PARA A OPTIMIZACIÓN DA TERAPIA NUTRICIONAL ESPECIALIZADA NO PACIENTE CRÍTICO, «DESNUTRICIÓN ZERO»

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicos/as, farmacéuticos/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiros/as que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde

**Obxectivos**: aplicar os protocolos propostos no programa galego de optimización da terapia nutricional especializada no paciente crítico. Comprender a relación directa co prognóstico e a morbimotalidade dunha terapia nutricional adecuada. Realizar o cribado e valoración nutricional. Dominar o cálculo de requirimentos nutricionais de modo individualizado. Coñecer as indicacións e os distintos tipos de terapias nutricionais. Manexar os protocolos relacionados coas principais complicacións asociadas á terapia nutricional. Mellorar os coñecementos e habilidades no proceso de transición nutricional e cribado de disfaxia orofarínxea. Entender os indicadores de calidade relacionados cunha adecuada terapia nutrición.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413912 | AUTOFORMACIÓN | Pendente |

## 7. A VIOLENCIA CARA ÁS MULLERES, COMO DETECTALA E PAUTAS DE ACTUACIÓN DESDE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. NIVEL BÁSICO

**Nº de horas**: 20

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** Persoal sanitario e traballadoras/es sociais que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde

**Obxectivos**: Recoñecer na muller e as crianzas a sintomatoloxía e a complexidade da violencia e os malos tratos na súa vida e saúde, para proporcionar unha asistencia sanitaria en todos os niveis asistenciais, por calquera profesional do que se requiran os seus servizos. Coñecer como o xénero é un determinante de saúde, que condiciona o noso labor asistencial e a adecuada atención profesional no ámbito das competencias profesionais. Coñecer as diferentes manifestacións da violencia de xénero na saúde biopsicosocial e emocional das mulleres e crianzas que se atopan nesta situación. Coñecer a lexislación necesaria para a práctica diaria profesional e saber como se debe proceder nun caso de violencia de xénero, garantindo a seguridade e a integridade da muller en situación de risco. Coñecer a realidade e o impacto da violencia de xénero na poboación infantil e xuvenil e nas mulleres.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413911 | AUTOFORMACIÓN | Do 1 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 8. BÁSICO EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

**Nº de horas**: 20

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** Todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Achegar un marco conceptual sobre o significado e alcance da igualdade de oportunidades. Ofrecer unha visión sobre a situación actual da participación das mulleres na sociedade e no Servizo Galego de Saúde. Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Formar en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero co fin de reforzar as súas competencias nestas materias e fortalecer a introdución da perspectiva de xénero en todas as áreas da organización.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414497 | AUTOFORMACIÓN | Do 1 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 9. MANOBRA DE PRONACIÓN EN PACIENTES

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os especialistas en pediatría, técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría e celadoras/es que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: posta en marcha dun protocolo unificado de execución da manobra de pronación. Facilitar información sobre este tipo de manobra (material, execución...) a todo o persoal que teña que participar nela. Ofrecer información sobre as precaucións que se deben ter en conta. Ofrecer información sobre posibles complicacións a curto, medio e  longo prazo deste tipo de manobra.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413909 | AUTOFORMACIÓN | Do 5 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 10. SAÚDE CON PERSPECTIVA DE XÉNERO E SEXO EN CARDIOLOXÍA

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** Médicos/as de atención primaria, especialistas en cardioloxía, en medicina interna e en nefroloxía, que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Coñecer os aspectos relevantes na patoloxía cardiovascular con perspectiva de xénero. Coñecer os factores de risco cardiovascular e os seus factores diferenciais. Coñecer en cardiopatía isquémica que é diferente en SCA. Coñecer en cardiopatía isquémica que é diferente en CI crónica. Aprender sobre insuficiencia cardíaca e xénero: características diferenciais. Aprender sobre fibrilación auricular e xénero: atención con perspectiva. Adquirir coñecementos sobre enfermidade coronaria non obstrutiva e xénero. Coñecer os aspectos que poden ser diferentes en parada cardíaca e reanimación cardiopulmonar. Coñecer en que se distinguen as valvulopatías por xénero? Adquirir coñecementos sobre a rehabilitación cardíaca e as potenciais diferenzas.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413921 | AUTOFORMACIÓN | Do 1 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 11. DOAZÓN DE ÓRGANOS

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal sanitario que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer o modelo organizativo español e os resultados do transplante de órganos. Análise da lexislación española sobre doazón e transplante. Adquirir os coñecementos relacionados cos aspectos centrais da doazón de órganos: tipos de doador/a (morte encefálica e asistolia), diagnóstico de morte encefálica, criterios de valoración, proceso de comunicación de malas noticias no contorno da doazón.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413908 | AUTOFORMACIÓN | Do 1 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 12. PERSPECTIVA MULTIDISCIPLINAR DA HIDRADENITE SUPURATIVA (HS)

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en pediatría que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer a última evidencia sobre a hidradenite supurativa (HS), permitindo mellorar a calidade de vida dos pacientes con esta patoloxía pouco coñecida. Adquirir coñecementos para poder identificar de forma precoz a enfermidade, facilitando a súa diagnose temperá. Mellorar a atención sanitaria dos pacientes con HS (educación para a saúde, curas específicas e abordaxe xeral). Mellorar a colaboración entre os diferentes niveis asistenciais implicados no seguimento desta patoloxía. Concienciar do impacto da HS na calidade de vida dos pacientes.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413915 | AUTOFORMACIÓN | Do 1 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 13. MANEXO DO PACIENTE CON ENFERMIDADE INFLAMATORIA INTESTINAL

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicos/as que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: adquirir coñecementos para optimizar o manexo dos pacientes con EII e mellorar o curso evolutivo da enfermidade. Actualizar aspectos chave do diagnóstico, seguimento e tratamento destes pacientes baseado nas últimas revisións de publicacións e guías clínicas. Mellorar a estratexia de manexo destes pacientes de maneira precoz, o que pode evitar o desenvolvemento de complicacións a curto e longo prazo. Coñecer os factores de mala evolución e a mellor estratexia terapéutica en función do perfil da enfermidade pode modificar o curso evolutivo da enfermidade e eliminar ou polo menos atrasar as complicacións, en pacientes con enfermidade de Crohn e colite ulcerosa.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413917 | AUTOFORMACIÓN | Do 6 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 14. ACTUALIZACIÓN EN TERAPÉUTICA ANTIMICROBIANA PARA ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas**: 12

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicos/as, pediatras, farmacéuticos/as e odontólogos/as de atención primaria.

**Obxectivos**: coñecer as consecuencias do uso inadecuado dos antibióticos. Ofrecer formación actualizada sobre prescrición optimizada de antibióticos. Revisar as principais síndromes clínicas e as recomendacións de tratamento adaptadas ao noso contexto.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413902 | AUTOFORMACIÓN | Do 6 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 15. ABORDAXE DO CONSUMO DE TABACO EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** médicos/as, pediatras, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, matróns/as, farmacéuticos/as, odontólogos/as, fisioterapeutas, traballadores/as sociais, terapeutas ocupacionais e psicólogos/as clínicos de atención primaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Coñecer os conceptos básicos e argumentos sinxelos baseados na evidencia para motivar aos pacientes para deixar de fumar. Actualizar coñecementos sobre os efectos do consumo e exposición pasiva de tabaco e sobre as novas formas de consumo. Coñecer ferramentas como algoritmos, app etc que faciliten a abordaxe do/a paciente fumador/a.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413906 | AUTOFORMACIÓN | Do 6 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 16. ABORDAXE DO CONSUMO DE ALCOHOL EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** médicos/as, pediatras, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, matróns/as, farmacéuticos/as, odontólogos/as, fisioterapeutas, traballadores/as sociais, terapeutas ocupacionais, dietistas-nutricionistas e psicólogos/as clínicos de atención primaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: proporcionar conceptos básicos e argumentos sinxelos baseados na evidencia para motivar os pacientes para deixar de consumir alcohol. Actualizar coñecementos sobre os efectos do consumo de alcohol sobre o organismo, tendo en conta a idade e a forma en que se consome. Dar a coñecer ferramentas como algoritmos, cuestionarios de *screening*, etc. que faciliten a abordaxe do/a paciente bebedor/a.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413904 | AUTOFORMACIÓN | Do 6 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 17. COÑECEMENTOS BÁSICOS EN DIABETES E MANEXO DO TRATAMENTO FARMACOLÓXICO PARA ENFERMARÍA

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: dietistas-nutricionistas, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos**: actualizar os coñecementos nos conceptos básicos desta patoloxía e no manexo do tratamento farmacolóxico. Mellorar o control glicémico do paciente diabético fomentando a autoxestión. Mellorar a calidade de vida das persoas con diabetes fomentando a adherencia aos coidados hixiénico-dietéticos e a medicación prescrita.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413992 | AUTOFORMACIÓN | Do 7 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 18. COÑECEMENTOS BÁSICOS EN DIABETES E MANEXO DO TRATAMENTO NON FARMACOLÓXICO PARA ENFERMARÍA

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos**: actualizar os coñecementos nos conceptos básicos desta patoloxía e no manexo do tratamento non farmacolóxico. Mellorar o control glicémico do paciente diabético fomentando a autoxestión. Mellorar a calidade de vida das persoas con diabetes fomentando a adherencia aos coidados hixiénico-dietéticos.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413993 | AUTOFORMACIÓN | Do 7 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 19. PRINCIPAIS COMPLICACIÓNS AGUDAS E CRÓNICAS NO PACIENTE DIABÉTICO

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos**: actualizar os coñecementos relacionados coa prevención, tratamento das complicacións agudas e crónicas da diabetes. Mellorar calidade de vida das persoas con diabetes evitando ou diminuíndo os eventos adversos derivados dos diferentes procedementos do tratamento antidiabético e aumentando o grao de coñecemento dos pacientes en materia de complicacións asociadas a diabetes.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413994 | AUTOFORMACIÓN | Do 7 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 20. PROGRAMA POBOACIONAL DE CRIBADO DE CANCRO DE CÉRVIX DENDE ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicos/as, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, matróns/as e farmacéuticos/as de atención primaria.

**Obxectivos**: coñecer as bases do programa poboacional de cribado de cancro de cérvix e a situación actual do mesmo en relación coa participación e as taxas de detección acadadas, entre outros indicadores. Mellorar os coñecementos sobre o cancro de cérvix e a súa prevención. Fomentar a aplicación dos coñecementos adquiridos para incorporar na práctica clínica diaria o fomento da participación dos usuarios no programa de cribado.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413935 | AUTOFORMACIÓN | Do 8 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 21. PROGRAMA POBOACIONAL DE CRIBADO DE CANCRO COLORRECTAL. UNHA VISIÓN DENDE A ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicos/as e enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria de atención primaria.

**Obxectivos**: coñecer as bases do Programa poboacional de cribado de cancro colorrectal e a situación actual do mesmo en relación coa participación e as taxas de detección acadadas, entre outros indicadores. Mellorar os coñecementos sobre o cancro colorrectal e a súa prevención. Fomentar a aplicación dos coñecementos adquiridos para incorporar na práctica clínica diaria o fomento da participación dos usuarios neste programa de cribado.

| Código | Modalidade | Datas |
| --- | --- | --- |
| 2413899 | AUTOFORMACIÓN | Do 19 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 22. INTRODUCIÓN AO DIAGNÓSTICO XENÉTICO

**Nº de horas**: 6

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** pedriatras, médicas/os de atención primaria e hospitalaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer os servizos que a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica lle presta ao Servizo Galego de Saúde. Adquirir as habilidades para avaliar a idoneidade de solicitar un estudo xenético para un paciente e entender que se pode esperar dos resultados. Identificar as diferentes técnicas xenéticas dispoñibles e a súa aplicación. Coñecer as análises xenéticas e o asesoramento xenético apropiados para o paciente e os procedementos para solicitalo. Coñecer a información necesaria a acadar sobre o paciente, e a súa historia familiar cando sexa preciso, para poder realizar o diagnóstico.

| Código | Modalidade | Datas |
| --- | --- | --- |
| 2413907 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 23. OS COMITÉS DE ÉTICA E INVESTIGACIÓN DE GALICIA E A INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: persoal licenciado/diplomado e de grao que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer os comités de ética da investigación acreditados en Galicia, a súas funcións, composición e procedementos de traballo. Adquirir e actualizar os requisitos legais que deben cumprirse antes de iniciar un estudo segundo o seu tipo. Actualizar os aspectos mínimos que cómpre ter en conta para o uso de mostras biolóxicas en investigación. Coñecer os contidos mínimos que deben incluír o protocolo de investigación e os documentos de consentimento informado para os participantes. Coñecer e entender as instrucións ditadas polo Sistema Público de Saúde de Galicia para o acceso aos datos de saúde.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413905 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 24. INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA: ASPECTOS ÉTICO - LEGAIS A TER EN CONTA

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: persoal licenciado/diplomado e de grao que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: adquirir e actualizar os requisitos legais que se deben cumprir antes de iniciar un estudo de investigación biomédica dependendo do tipo de investigación que se vaia a realizar.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413919 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 25. INICIACIÓN ÁS BUSCAS BIBLIOGRÁFICAS

**Nº de horas**: 12

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal sanitario que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer as principais ferramentas básicas de Bibliosaúde, a Biblioteca Virtual do Sistema Público de Saúde de Galicia. Coñecer as principais fontes de información en Ciencias da Saúde. Aprender a elaborar estratexias de busca bibliográfica. Aprender a realizar buscas bibliográficas básicas. Aprender a utilizar filtros clínicos metodolóxicos.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413916 | AUTOFORMACIÓN | Do 19 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 26. A PRESTACIÓN DA AXUDA PARA MORRER EN GALICIA. A APLICACIÓN DA LEI ORGÁNICA 3/2021 DE REGULACIÓN DA EUTANASIA

**Nº de horas**: 6

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicos/as, farmacéuticos/as, psicólogos/as, enfermeiros/as, enfermeiros/as especialistas, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, técnico/a en farmacia, traballadores/as sociais e técnicos/as do grupo A1 da función administrativa.

**Obxectivos**: Realizar unha aproximación ao contexto da Lei orgánica de regulación da eutanasia, e realizar a súa análise desde a perspectiva xurídica. Coñecer o Protocolo sobre o procedemento para a realización da prestación da axuda para morrer (PAM), que establece a sistemática a seguir na Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o concernente a esta prestación. Coñecer a aplicación clínica da guía asistencial da PAM, o uso seguro dos fármacos no proceso asistencial e a preparación e coidados por parte do persoal de enfermaría. Afondar no coñecemento da atención integral en coidados paliativos. Coñecer os aspectos psicolóxicos derivados da PAM no paciente, no seu contorno e nos profesionais sanitarios que participan nela. Coñecer o significado da obxección de conciencia, recoñecer o que non se considera obxección de conciencia, os seus requisitos básicos, características e clases. Afondar no coñecemento das instrucións previas.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413901 | AUTOFORMACIÓN | Pendente |

## 27. ASISTENCIA SANITARIA PARA PERSOAS REFUXIADAS, SOLICITANTES E BENEFICIARIAS E PROTECCIÓN INTERNACIONAL E VÍTIMAS DE TRATA

**Nº de horas**: 6

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicos/as, pediatras, matróns/as, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, traballadores/as sociais, PSX e auxiliares administrativos de atención primaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer e abordar a realidade social e sanitaria da poboación refuxiada atendida nos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde. Recordar os principios e valores básicos requiridos na acollida desta poboación. Explicar as modalidades de asistencia sanitaria que amparan ao colectivo. Coñecer o perfil básico de saúde deste colectivo. Analizar pautas para levar a cabo a consulta de adultos e a consulta de nenos/as ou adolescentes de forma diferenciada. Coñecer aspectos de utilidade a ter en conta nas entrevista clínica e social fronte a aspectos a descartar na atención á poboación de protección internacional. Acceder á información e protocolos relevantes na atención clínica e social.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413897 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 28. XESTIÓN INTEGRAL DA DEMANDA EN EQUIPO (XIDE) EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas**: 2

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: adquirir os coñecementos necesarios para que os/as profesionais de atención primaria desenvolvan o proxecto de xestión integral da demanda en equipo (XIDE). Coñecer os contidos teóricos do proxecto XIDE. Coñecer o funcionamento da nova funcionalidade de SIGAP. Coñecer todos os aspectos relacionados coa proposta de citación. Analizar as vantaxes da xestión integral da demanda en equipo tanto para a poboación en xeral como para os profesionais en particular.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| | AUTOFORMACIÓN | Pendente |

## 29. A NOVA HISTORIA CLÍNICA: IANUS 5

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: enfermeiros/as xerais e especialistas, fisioterapeutas, dietistas-nutricionistas, farmacéuticos/as, médicos/as, odontólogos/as, psicólogos/as clínicos/as, terapeutas ocupacionais, logopedas e traballadores/as sociais que teñan ou tivesen algunha relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: O obxectivo principal deste curso e dar a coñecer aos asistentes a solución HCEPRO (Historia clínica orientada a problemas de saúde) co novo modelo de información clínica que presenta e as novas ferramentas que xorden integradas con ela, familiarizándoos para a utilización desta aplicación que virá a substituír ao actual sistema IANUS.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413896 | AUTOFORMACIÓN | Do 2 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 30. BÁSICO DE SIGAP PAC

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** persoal de servizos xerais e celadores de PAC, persoal de servizos xerais e auxiliares administrativos de centros de saúde que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: ofrecer un primeiro contacto práctico co aplicativo SIGAP BÁSICO PAC. Dotar o persoal administrativo e de admisión das destrezas básicas para afrontar o seu traballo cando acudan por primeira vez a un PAC e traballen co aplicativo SIGAP PAC.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414488 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 31. A XESTIÓN DO SISTEMA CRM100  EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas**: 10

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: persoal de servizos xerais, auxiliares da función administrativa e celadoras/es de atención primaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Proporcionarlle ao persoal que manexa o aplicativo CRM100 en atención primaria unha formación actualizada tanto teórica como  práctica. Ofrecer unha visión xeral do aplicativo e coñecer de forma práctica e activa o funcionamento da ferramenta fomentando o coñecemento a todas/os as/os usuarias/os.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414561 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 32. A COMUNICACIÓN COAS PERSOAS XORDAS NA CONSULTA

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**:  fomentar o coñecemento acerca das persoas xordas e a lingua de signos. Facilitar estratexias comunicativas que melloren a súa desempeño profesional en relación coas persoas xordas.  Dar a coñecer a figura do intérprete de lingua de signos no ámbito sanitario e o protocolo de actuación a seguir.  Informar dos recursos que dispoñen as persoas xordas e dos que se poden beneficiar.  Iniciarse na aprendizaxe da lingua de signos adquirindo vocabulario básico relacionado co ámbito sanitario.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413898 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 33. HUMANIZACIÓN NO ÁMBITO DE ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas**: 1

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: persoal de servizos xerais, auxiliares administrativos e celadores de atención primaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: transmitir a misión do posto de persoal de servizos xerais. Xerar identidade, orgullo de pertenza, compromiso e autoconfianza. Ofrecer un bo servizo de atención desde o primeiro minuto. Xerar seguridade nos procesos cando se abre o centro. Crear unha contorna de confianza. Crear un contorno emocional positivo na recepción e trato aos pacientes. Saber responder en situacións de tensión. Adquirir unha predisposición á escoita para canalizar ben a resposta e a acción. Aprender a lidar con situacións embarazosas como dicir que non ou pedir algo.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414490 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 34. HUMANIZACIÓN E RELACIÓNS COA CIDADANÍA

**Nº de horas**: 8

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: identificar aquelas competencias profesionais humanísticas, as veces intanxibles e invisibles, pero de gran importancia para usuarios, pacientes, familiares, acompañantes e profesionais do sistema sanitario que nos permitan enfocar as relacións coa cidadanía desde unha perspectiva máis humanizada, cunha visión integral, centrándonos no ámbito relacional para a mellora das habilidades sociais e de comunicación básicas.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414493 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 35. SINALIZACIÓN

**Nº de horas**: 2

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer os conceptos e aspectos principais da sinalización de seguridade e saúde, en particular, o significado das cores de seguridade, o significado dos pictogramas, a sinalización acústica e xestual. Identificar a sinalización dos lugares de traballo e dos distintos riscos dos postos de traballo como medida preventiva complementaria ás medidas de organización.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414498 | AUTOFORMACIÓN | Do 20 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 36. RISCO QUÍMICO

**Nº de horas**: 2

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: aprender a obter información sobre os riscos asociados aos produtos químicos empregados no posto de traballo mediante a súa identificación, etiquetado e Ficha de Datos de Seguridade (FDS). Coñecer as vías de entrada no organismo dos axentes químicos e as medidas preventivas para evitar ou reducir este risco. Coñecer os factores que aumentan o risco químico e poden provocar efectos nocivos nos/as traballadores/as, así como os seus efectos no organismo (enfermidades profesionais). Aplicar as medidas preventivas e de seguridade na manipulación e almacenamento dos produtos químicos.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414499 | AUTOFORMACIÓN | Do 20 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 37. MANIPULACIÓN MANUAL DE CARGAS

**Nº de horas**: 2

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Identificar as partes do corpo que sofren a incidencia de lesións por manipulación manual de cargas, prestando especial atención á columna vertebral. Adquirir os coñecementos necesarios para facer unha manipulación manual de cargas saudable (Hixiene Postural) e en condicións de seguridade, evitando os trastornos musculoesqueléticos.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414500 | AUTOFORMACIÓN | Do 20 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 38. BOAS PRÁCTICAS EN INCENDIOS E MEDIDAS DE EMERXENCIA

**Nº de horas**: 2

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: adquirir coñecementos sobre a forma de actuación dun incendio e as formas de extinción. Establecer as condicións de actuación para facer fronte a unha emerxencia por lume. Establecer as pautas básicas de actuación fronte a unha emerxencia e organizar e guiar unha posible evacuación parcial ou total dun centro de traballo.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414501 | AUTOFORMACIÓN | Do 20 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 39. MOBILIZACIÓN DE PACIENTES

**Nº de horas**: 2

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: inculcar a adopción de hábitos posturais correctos á hora de mobilizar pacientes sen a utilización de medios de axuda auxiliares e fomentar o uso destes medios auxiliares de axuda sempre que sexa posible. Adquirir bos hábitos posturais na realización de movementos e transferencias de pacientes en condicións de seguridade. Aplicar as medidas de prevención e recomendacións para realizar as mobilizacións.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414539 | AUTOFORMACIÓN | Do 20 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 40. XESTIÓN DO TEMPO

**Nº de horas**: 3

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: como establecer un obxectivo funcional. Coñecer o método para enfocarse cada día no importante, evitando as distraccións, Coñecer o método *Getting Things Done* (GTD) para a organización e seguimento de tarefas e proxectos de maneira eficiente. Coñecer a matriz de Eisenhower, para establecer un sistema de toma de decisións enfocado en distinguir entre o urxente e o importante. Coñecer ferramentas para mapear e visualizar o fluxo de traballo.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414540 | AUTOFORMACIÓN | Do 22 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 41. COMUNICACIÓN E LINGUAXE NON VERBAL EN VIDEOCONFERENCIA

**Nº de horas**: 2

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer as bases da comunicación non verbal aplicada ás videochamadas. Saber identificar información a través dos xestos do interlocutor. Coñecer a diferenza entre unha microfixación, unha microcaricia e un micromovemento. Saber interpretar da forma axeitada a información que se nos brinda inconscientemente.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414541 | AUTOFORMACIÓN | Do 22 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 42. SEGURIDADE NA PREPARACIÓN, ADMINISTRACIÓN E TRANSPORTE DE CITOSTÁTICOS

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal sanitario e celadores/as que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer a normativa e os conceptos básicos sobre riscos laborais derivados da exposición a axentes citostáticos. Adquirir coñecementos para identificar os riscos laborais derivados da exposición laboral aos axentes citostáticos en centros sanitarios. Coñecer as medidas xerais de prevención e protección fronte aos riscos derivados dos axentes citostáticos co fin de manipulalos correctamente.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413903 | AUTOFORMACIÓN | Do 22 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 43. BÁSICO DE RESOLUCIÓN DE CONFLITOS INTERPERSOAIS

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: identificar os tipos de conflitos e analizalos desde os elementos que os integran (problema, proceso e persoa). Desenvolver estratexias e mecanismos alternativos para a xestión alternativa do conflito. Mellorar as propias competencias, recursos e habilidades de comunicación para unha resolución positiva das diferenzas interpersoais.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414484 | AUTOFORMACIÓN | Do 2 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 44. PROTECCIÓN RADIOLÓXICA EN RADIODIAGNÓSTICO

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal sanitario que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer a natureza e os riscos asociados ás radiacións ionizantes e as consideracións para ter en conta para a xustificación de probas radiolóxicas. Dotar de ferramentas aos profesionais que son interlocutores directos dos pacientes (persoal de enfermería, matronas e facultativos) cando estes expoñan inquietudes e consultas acerca da seguridade das probas ou procedementos radiolóxicos aos que se someterán. Informar os traballadores do risco ao que poidan verse sometidos derivado do uso de radiacións ionizantes no medio sanitario.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413920 | AUTOFORMACIÓN | Do 2 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 45. XEDOSE PARA RADIÓLOGAS/OS

**Nº de horas**: 1

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: especialistas en radiodiagnóstico que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: dar a coñecer a solución comercial adquirida polo Sergas como software de rexistro automático e xestión de dose. Coñecer como acceder á solución comercial software de rexistro automático e xestión de dose Xedose. Coñecer as utilidades que ofrece este software, adaptado ao nivel de uso e responsabilidade que terán os distintos perfís de usuario.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413894 | AUTOFORMACIÓN | Pendente |

## 46. XEDOSE PARA RADIOFÍSICAS/OS

**Nº de horas**: 2

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: especialistas en radiofísica hospitalaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer como acceder á solución comercial software de rexistro automático e xestión de doses, XEDOSE. Coñecer as utilidades que ofrece este software, adaptado ao nivel de uso e responsabilidade que terán os distintos perfís de usuario.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413895 | AUTOFORMACIÓN | Do 2 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 47. SAÚDE E PANTALLAS DE VISUALIZACIÓN DE DATOS (PVD).

**Nº de horas**: 10

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Coñecer as situacións incorrectas que lles poidan producir patoloxías ás persoas usuarias, derivadas do uso de pantallas de visualización. Coñecemento das medidas de prevención no uso de pantallas de visualización. Práctica de exercicios posturais con PVD.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414545 | AUTOFORMACIÓN | Do 15 de marzo ao 31 de decembro de 2024 |

## 48. PREVENCIÓN DE RISCOS BIOLÓXICOS

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer os conceptos básicos sobre o risco biolóxico, desde a clasificación e descrición dos distintos axentes que poden afectar a saúde dos profesionais, ata as técnicas de prevención e protección fronte a aqueles. Coñecer as técnicas de prevención e protección fronte aos axentes biolóxicos nas actividades sanitarias, así como o procedemento a seguir no caso de accidente de risco biolóxico. Coñecer o conxunto de recomendacións e actuacións dirixidas a previr a transmisión e diseminación de axentes infecciosos, dende a fonte de infección aos profesionais que desenvolven o seu labor en centros sanitarios. Coñecer os conceptos básicos sobre os equipos de protección individual (EPI) máis empregados no ámbito asistencial, as súas características, tipos e condicións de utilización en función dos diferentes factores de risco.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414547 | AUTOFORMACIÓN | Do 26 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 49. HIXIENE DE MANS NA ATENCIÓN SANITARIA

**Nº de horas**: 7

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: sensibilizar e formar os profesionais sobre a importancia de promover a seguridade dos pacientes, promovendo unha axeitada hixiene na práctica clínica co fin de reducir os eventos adversos producidos como consecuencia das infeccións adquiridas no transcurso do proceso asistencial. Diminuír a incidencia da infección relacionada cos coidados de saúde. Difundir as directrices para a hixiene de mans no ámbito sanitario elaboradas pola Organización Mundial da Saúde. Crear novos contornos de aprendizaxe centrados no alumno, facilitando a accesibilidade dos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413910 | AUTOFORMACIÓN | Do 26 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 50. INNOVACIÓN NA XESTIÓN SANITARIA

**Nº de horas**: 8

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: comprender e aplicar estratexias innovadoras de xestión no ámbito da saúde para mellorar a eficacia e a calidade dos servizos. Identificar os conceptos crave da innovación na xestión sanitaria. Deseñar un sistema I+D+i para organizacións de saúde. Aplicar "Design Thinking" na resolución de problemas de saúde. Utilizar ferramentas visuais para comunicar ideas efectivamente. Integrar enfoques innovadores en proxectos de saúde dixital.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413893 | AUTOFORMACIÓN | Do 26 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 51. CALIDADE E RENDEMENTO: INTRODUCIÓN Á METODOLOXÍA *LEAN*

**Nº de horas**: 8

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: desenvolver unha cultura cara a unha organización máis eficiente mediante uns cambios nos procesos coa finalidade de incrementar a velocidade de resposta por medio de redución de desperdicios, custos e tempos, facendo máis eficientes as organizacións sanitarias. 2. Involucrar a todos os profesionais da organización na iniciativa do pensamento *Lean* (*Lean Thinking*). 3. Desenvolver a capacidade e o hábito de detectar e eliminar os desperdicios nas organizacións sanitarias. 4. Perseguir a perfección (mellora continua). 5. Coñecer as ferramentas *Lean* para a súa aplicación.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414549 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 52. CINCO PRÁCTICAS PARA XESTIONAR O ESTRÉS E OS CONFLITOS NA SANIDADE

**Nº de horas:** 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: aprender técnicas de autocoidado da saúde emocional, tanto propia como dos/das compañeiros/as e das demais persoas.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414550 | AUTOFORMACIÓN | Do 28 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 53. ACTITUDES E HABILIDADES DE LIDERADO PARA EQUIPOS SAUDABLES

**Nº de horas:** 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: no século XXI é de suma importancia que as organizacións estean vivas e que o factor humano sexa considerado como o piar estratéxico. É neste contexto onde a liña de mando adquire un papel principal precisando ter, sobre todo, capacidade para desenvolver o potencial do seu equipo e que este, á sua vez, amose o mellor desempeño. Abordaranse as necesidades de liderado actuais, partindo dun alto grao de autocoñecemento, e das competencias requiridas acordes con estas expectativas.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414551 | AUTOFORMACIÓN | Do 28 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 54. RESILIENCIA E FELICIDADE

**Nº de horas:** 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Só nun mundo resiliente poderemos atopar espazos para a paz, para a felicidade, para o encontro real co noso ser. A felicidade non é algo que debamos deixar só para os bos tempos, senón que é algo que debemos cultivar cada día da nosa vida. Por iso, se nos involucramos no camiño, traballando sobre o noso benestar integral, día a día, poderemos gozar dos momentos bos e seremos capaces de transitar as circunstancias adversas, sobrepoñéndonos a elas antes e crecendo interiormente.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414552 | AUTOFORMACIÓN | Do 28 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 55. AUTOCOIDADO EMOCIONAL: OPTIMIZANDO OS NOSOS RECURSOS PERSOAIS

**Nº de horas:** 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: aínda que é claro que as circunstancias externas, as condicións de traballo, o ambiente laboral e moitos outros aspectos son esenciais para o benestar dos/das profesionais sanitarios/as, tamén o é que dependendo da nosa xestión do estrés poidamos manexar as circunstancias de distinto modo. Sobre todo en circunstancias de maior presión, a optimización dos nosos recursos persoais e de relación cos demais poden ser moi beneficiosos.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414553 | AUTOFORMACIÓN | Do 28 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 56. ORATORIA EMOCIONAL: COMO FALAR EN PÚBLICO

**Nº de horas**: 6

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer todas as técnicas e ferramentas da boa oratoria. Aprender a captar a atención da audiencia e motivala para a acción. Vencer o medo escénico a falar diante do público. Superar os obstáculos dunha oratoria e gozar falando en público con seguridade e confianza.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414528 | AUTOFORMACIÓN | Do 5 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 57. TÉCNICAS PARA UNHA COMUNICACIÓN MELLORADA

**Nº de horas**: 3

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: aprender a guiarnos no territorio da comunicación e a interacción humana. Coñecer unha ferramenta eficaz coa que poderemos adaptar a nosa maneira de comunicación a cada un dos nosos interlocutores. Coñecer os distintos elementos que compoñen a que, posiblemente, sexa a mellor maneira de comunicar unha interacción na que queremos que tanto pacientes como compañeiros fagan aquilo que cremos que é mellor para eles. Traballar coa ferramenta da Escola de Palo Alto de Comunicación Estratéxica.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414554 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 58. FERRAMENTAS EFECTIVAS PARA A XESTIÓN DO TEMPO E A INFORMACIÓN

**Nº de horas**: 3

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: eliminar o mito de pensar que podemos controlar o tempo, para aprender a xestionalo dende dentro, dende nós mesmos. Afrontar aos vampiros do tempo, esa gran secuela que nos rouba moita parte da nosa enerxía e que impide que pasemos á acción, que logremos aquilo que nos propuxemos. Traballar a autosabotaxe, que non é máis que outra forma de evitar que aquilo que nos propuxemos, aquilo que planificamos, realmente se plasme no noso día a día.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414555 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 59. MELLORA DA COMUNICACIÓN DIXITAL

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: desenvolver as competencias de comunicación e socialización dixital, tanto no plano persoal ou, especialmente, no profesional. Coñecer códigos e prácticas para desenvolverse correctamente na comunicación virtual e sacarlle o máximo partido ás ferramentas dispoñibles. Aprender pautas básicas para axudar a conseguir os obxectivos da comunicación.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414088 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 60. XESTIÓN DE EQUIPOS

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer as claves para que impliques, motives e impulses os obxectivos da túa área de influencia como líder. Implicar e comprometer aos integrantes do teu equipo levando a cabo unha delegación de tarefas, responsabilidades e funcións eficiente. Desenvolver unha correcta supervisión e seguimento dos teus colaboradores para garantir uns bos resultados e reconducir actitudes ou comportamentos indesexables. Conseguir un bo nivel de motivación, como motor dun equipo. Proporcionar un feedback axeitado para fomentar a comunicación transparente, recoñecer o esforzo dos profesionais, as súas fortalezas e áreas de mellora e para lograr os resultados esperados.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414090 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 61. XESTIÓN DO CAMBIO

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: potenciar a túa resiliencia para adaptarte facilmente aos cambios e situacións límite e para sobrepoñerte ás adversidades. Implicar aos teus colaboradores para que manteñan unha mente aberta e demostren flexibilidade, capacidade de reacción e anticipación co fin de aproveitar as oportunidades que ofrece a contorna e a transformación dixital. Adquirir as ferramentas necesarias para afrontar o cambio con decisión.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414091 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 62. DIVERSIDADE E INCLUSIÓN NO TRABALLO

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: vivimos nun mundo diverso a todos os niveis, e as persoas que traballan na Administración, en organizacións ou empresas públicas non poden dar as costas a esa realidade. Fomentar a diversidade e a inclusión no teu ámbito de actuación axudará a dar un mellor servizo público e facer do mundo un lugar máis xusto, equitativo e igualitario.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414092 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 63. IGUALDADE, DIVERSIDADE E INTEGRIDADE MORAL NO TRABALLO

**Nº de horas**: 5

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: aprender e afondar en conceptos de acoso sexual e por razón de sexo, facilitando a identificación de condutas que poden ser constitutivas do mesmo, así como sobre a protección integral da liberdade sexual e da integridade moral no traballo. Sensibilizar e formar sobre a diversidade sexual e de identidade de xénero no ámbito laboral para promover ambientes laborais máis inclusivos. Coñecer as estratexias para previr o acoso e a violencia laboral e sexual e promover un contorno de traballo seguro e respetuoso. Proporcionar información sobre as canles de denuncia dispoñibles na organización e como utilizalas de xeito seguro e confidencial.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414600 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 64. SISTEMA DE INTEGRIDADE INSTITUCIONAL E PLANS ANTIFRAUDE

**Nº de horas**: 1

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: coñecer o marco xeral do sistema de integridade institucional da Xunta de Galicia.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414556 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 65. A HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA NOS SOPORTES MÓBILES

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e matróns/as que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Coñecer a nova historia clínica electrónica nos soportes móbiles (HCEMOV). Difundir o coñecemento e utilidade do aplicativo HCEMOV entre o persoal sanitario para mellorar a calidade da asistencia sanitaria prestada ás/aos pacientes do Servizo Galego de Saúde. Facer que HCEMOV sexa coñecido como facilitador na toma de decisións no proceso de atención de pacientes fóra dos centros de saúde. Proporcionarlles ás/aos profesionais sanitarios unha ferramenta para rexistrar e compartir a información dispoñible na historia clínica dende a casa do paciente. Fomentar e implantar boas prácticas que favorezan a transmisión de información sanitaria de forma adecuada.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2413984 | AUTOFORMACIÓN | Do 29 de febreiro ao 31 de decembro de 2024 |

## 66. NORMATIVA BÁSICA DE RECURSOS HUMANOS

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Comprender os procesos de selección e provisión de prazas no Servizo galego de Saúde. Analizar o réxime retributivo e a xornada laboral, identificando as súas principais características e normativas. Explorar as diferentes etapas e posibilidades de desenvolvemento da carreira profesional. Coñecer o plan de igualdade no Servizo Galego de Saúde para promover a equidade de xénero. Coñecer e aplicar as medidas específicas para garantir un ambiente laboral adecuado para mulleres embarazadas, protexendo os seus dereitos e benestar.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414589 | AUTOFORMACIÓN | Do 1 de maio ao 31 de decembro de 2024 |

## 67. CLAVES PARA CONSEGUIR REUNIÓNS EFICACES E PRODUTIVAS

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**: todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos**: Coñecer as claves da planificación e organización de reunións produtivas e as condicións de éxito. Identificar os perfís comunicativos así como os roles dos/as asistentes, aprendendo a como superar os obstáculos para acadar unha comunicación efectiva. Coñecer as fases para a dirección de reunións. Aplicar técnicas de metodoloxías áxiles nas reunións.

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414590 | AUTOFORMACIÓN | Do 1 de maio ao 31 de decembro de 2024 |

## 68. ERGONOMÍA PARA PERSOAL DE QUIRÓFANO

**Nº de horas**: 4

**Nº de prazas**: ilimitado

**Destinatarios**:

**Obxectivos**:

| Código | Modalidade | Datas |
|---|---|---|
| 2414591 | AUTOFORMACIÓN | Do 1 de maio ao 31 de decembro de 2024 |